

Tema 1

Subir un documento á nosa páxina

Imos ver dous xeitos de facer o mesmo, subir un documento á [nosa páxina](#). O primeiro é máis xeral, serve para todo tipo de documentos e ensínanos como facer un enlace, mentres que o segundo é máis específico.

Primeiro procedemento

Paso 1



Figura 1.1. Entramos na nosa conta

Paso 2




Figura 1.2. Explorador de ficheiros

Imos á páxina e unha vez identificados correctamente aparécenos a seguinte ventá. Imos facer click en *Explorador de ficheiros*.

Aquí aparece o noso directorio onde imos gardar todo o que queiramos incluír na páxina. Como pode apreciarse na imaxe, para este usuario o directorio é **u59**.

Paso 3




Figura 1.3.

Facemos click en *Upload* e apareceranos unha ventá, como a da imaxe. Primeiro, facemos click en *Seleccionar arquivo* e logo, dámoslle ao botón *Subir*. A partir de agora o arquivo reside no directorio de cada un, no meu caso **u59**.

Paso 4



Figura 1.4.

O seguinte paso é crear un contido para enlazar o arquivo anterior. Imos ao menú esquerdo *Crear Contido*, e apareceranos a seguinte ventá.

Se facemos frecuentemente entradas podemos decidirnos por *Artigo ou Blogue*.

Paso 5




Figura 1.5.

Abrirásenos unha ventá, onde teremos que poñer o título –*que será o que apareza logo no parágrafo*–.

No menú Departamentos teremos que seleccionar o noso.

A continuación resaltamos no texto onde queiramos poñer o enlace –*Programación do curso 2014-2015*– e facemos click na icona que representa unha cadea para enlazar o arquivo.

Paso 6




Figura 1.6.

Agora abriránsenos dúas ventás. Primeiro unha pequena onde temos que buscar o noso directorio e logo outa co directorio (*u59* na imaxe). O directorio *u59*, onde seleccionaremos o documento subido anteriormente e gardamos.

Paso 7




Figura 1.7.

Apareceranos o texto en cor azul e subliñado. Comprobamos e dámoslle a gardar. Podemos, se queremos, ver co botón *vista previa* se queda todo ao noso gusto.

Paso 8




Figura 1.8.

Se fixemos todo ben apareceranos unha ventá como a da imaxe.

Segundo procedemento

Paso 1




Figura 1.9.

Volvemos ao paso 4, *Crear contido*, e continuamos co paso 5 que é o que aparece na imaxe. Logo de poñer o título e o texto correspondente, esta vez subimos directamente o arquivo desde o noso ordenador, mediante os botóns *seleccionar* e *adxuntar*. Finalizamos dándolle a *gardar*.^a

^aÉ algo parecido a cando enviamos un email e achegamos un arquivo.

Paso 2



Figura 1.10.

Vista previa do resultado